

"**Algunhas**
persoas **soñan** con facer
grandes cousas,
mentres **outras** están
espertas e **fanas**".



CONCELLO DE
ARTEIXO

Concellaria de Promoción
e Desenvolvemento

Avda. Arsenio Iglesias, Parcela 46. Pol. Ind. de Sabón. 15142 ARTEIXO

☎ 981 64 05 72 🖨 98164 11 66 ✉ emprego@arteixo.org



Axudas
MUNICIPAIS

CREACIÓN EMPRESAS



1.- OBXECTIVOS. Incentivar a creación de novos proxectos empresariais emprendidos por empresarios/as individuais ou a través de pequenas e medianas empresas, independentemente da súa forma xurídica, dentro do ámbito municipal do Concello de Arteixo, e que se inicien entre o 16 de setembro do 2016 e o 30 de setembro do ano 2017.

2.- PERSOAS BENEFICIARIAS.

Calquera persoa física ou xurídica cun novo proxecto empresarial que cumpra os seguintes requisitos:

- Desenvolver a súa **actividade** no Concello de Arteixo ou ter o enderezo fiscal e social no termo municipal de **Arteixo**, en caso de non dispoñer de establecemento permanente.

- Estar en situación de **desemprego** no momento da alta no RETA.

- Darse de **alta** en autónomos ou réxime similar, entre o 16 de setembro do 2016 e o 30 de setembro do ano 2017.

- Que sexan empresas de **nova creación**.

- Presenten un **proxecto empresarial viable** técnica, económica e financeiramente.

- **Non** estar dados de alta, como traballadores autónomos, en igual ou similar actividade empresarial nos 6 meses inmediatamente **anteriores** ao inicio da actividade.

- Estar ao corrente das **obrigas fiscais** co Concello de Arteixo, Xunta de Galicia e AEAT, e coa Seguridade Social.

- Compromiso de manter a actividade por conta propia durante un período **mínimo de 2 anos**.

- Ter concedidas ou solicitadas as **licenzas** de actividade necesarias, de ser o caso.

3.- CONTÍAS.

Consiste na subvención do 50% dos gastos de posta en marcha e do funcionamento dos 3 meses anteriores e os 3 meses posteriores ao inicio da actividade, sempre que por beneficiario non supere o límite de 3.000,00€.

4.- PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN.

O procedemento de concesión das axudas realizarase pola comprobación, por parte da Comisión de Valoración e Seguimento creada dentro da Concellaría Promoción e Desenvolvemento, da concorrencia no solicitante dos requisitos establecidos, ate o esgotamento do crédito orzamentario.

5.- PRAZO.

O prazo de solicitude será **ata o 3 de novembro de 2017**. Para máis información consultar o BOP n.º107 do 07 de xuño de 2016".

6.- DOCUMENTACIÓN (orixinais ou fotocopias compulsadas).


SOLICITUDE:


- Ficha de solicitude e demais anexos que aparecen na convocatoria.
- Datos relativos á identidade do beneficiario, sexa persoa física ou xurídica, e de ser o caso, representante e escritura de constitución inscrita no Rexistro Mercantil.
- Alta no IAE.
- Alta no réxime especial de traballadores autónomos ou réxime alternativo.
- Informe da vida laboral actualizado do beneficiario/a.
- Licenzas de inicio da actividade ou solicitude das mesmas, de ser o caso.

XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN:

- Anexos de xustificación.
- Facturas e xustificantes bancarios do pago das mesmas.
- Fotografía do cartel informativo.

INFÓRMATE

 981 64 05 72

 98164 11 66

 emprego@arteixo.org

Concellaría de Promoción e Desenvolvemento.



INCENTIVAMOS A CREACIÓN DE NOVOS PROXECTOS